

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15001136	IES Francisco Aguiar	Betanzos	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	28/06/25
Data aprobación consello	06/11/24
Data aprobación claustro	06/11/24

2. Introducción

O plan dixital do centro contribúe ao Proxecto Educativo cunha análise da situación real e de diagnose de debilidades, ameazas e fortalezas no ámbito dixital e presenta unhas medidas de actuación para a súa aprobación definitiva polos respectivos consellos escolares de cada centro a finais de curso e representa un documento de referencia para a súa aplicación efectiva nos vindeiros cursos académicos.

Xustificación

Unha das competencias destacadas da sociedade actual é a chamada Competencia Dixital, entendida como algo máis complexo que saber manexar dispositivos tecnolóxicos e aplicacións informáticas. A Unión Europea publicou un informe que identifica cinco grandes áreas ou dimensións que calquera cidadán da sociedade dixital debería coñecer e dominar.

- Información e alfabetización informacional: Búsqueda de información relevante e útil na rede.
- Comunicación e colaboración : comunicarse e relacionarse con outros en entornos dixitais.
- Creación de contidos dixitais: Saber crear contidos dixitais en múltiples formatos e cómo facer difusión dos mesmos.
- Resolución de problemas: Empregar a tecnoloxía para resolver situacións problemáticas.
- Seguridade: Protexerse e desenvolver condutas seguras na rede.

Noutras palabras, ser un suxeito culto, crítico e autónomo na sociedade actual implica saber facer ou ter habilidades que como cidadán permiten navegar e usar o ciberespazo dun xeito intelixente; saber preparar e publicar contidos dixitais; participar socialmente na rede; ser capaz de empregar competentemente servizos en liña, tanto públicos como privados, e ser un ser humano nin dependente nin alleo á tecnoloxía.

Os centros educativos, na súa función formativa, deben traballar para mellorar a competencia dixital de toda a súa comunidade. A necesidade de mellora da competencia dixital da comunidade educativa cobra maior relevancia no mundo post-COVID19, onde a necesidade de adaptarse a situacións de ensino non presencial evidenciaron que as TIC, aulas virtuais e a os entornos virtuais de aprendizaxe xa non son opcións para as nosas aulas senon complementos necesarios para un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe integral do noso alumnado.

Marco lexislativo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos

da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital decídese empregar o método de xuntanzas fora do horario lectivo entre os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital onde cada un pode expoñer as súas ideas. Partindo da chuvia de ideas mais a colaboración e supervisión do noso coordinador ADIX imos concretando e dándolle forma. As xuntanzas vanse realizando a medida que imos pasando fases na elaboración do plan ou coñecendo debilidades das ideas plantexadas. Avanzamos na realización e imos plasmando esas ideas neste documento que presentamos co recorrido dende a análise da situación ata a proposta de accións concretas a implantar no centro.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Informe Selfie realizado en decembro de 2021 e test de CDD realizado en febreiro de 2022. Ambos documentos recollidos nos anexos a este documento.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Precisan formación dentro das horas lectivas.	Alumnado	Si
Debilidade	Alumnado novo que vén sen a suficiente competencia dixital.	Alumnado	Si
Debilidade	A porcentaxe de familias que non dispoñen de dispositivos TIC.	Familias	Non
Debilidade	A porcentaxe de familias que non dispoñen de acceso de calidade a Internet.	Familias	Non
Debilidade	Porcentaxe de familias que non dispoñen da adecuada competencia dixital	Familias	Non
Debilidade	Imposibilidade de continuar dinámicas de aprendizaxe da ESO en Bacharelato.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Equipos aula TIC 1 non soportan a derradeira maqueta libre de software ABALAR	Infraestruturas	Si
Debilidade	Os equipos da aula do ciclo formativo atópanse cunha previsible e pronta obsolescencia.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Necesaria renovación de portátiles das aulas	Infraestruturas	Si
Debilidade	En Bacharelato a diferenza coa ESO non posúen ordenadores na aula.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Radio na biblioteca: pouco profesorado implicado e con moita inseguridade tecnolóxica.	Oferta	Si
Debilidade	Falta dun equipo especializado que poida axudar de maneira directa e accesible ante dúbidas/problemas.	Organización de centro	Si
Debilidade	Porcentaxe de familias que non dispoñen da adecuada competencia dixital	Persoal docente	Non
Debilidade	Porcentaxe de familias que non dispoñen de dispositivos TIC.	Persoal docente	Non
Debilidade	Porcentaxe de familias que non dispoñen de acceso de calidade a Internet.	Persoal docente	Non
Debilidade	Os auxiliares de conversa non teñen acceso á rede edu.xunta	Persoal non docente	Non
Debilidade	O sistema de aviso de incidencias que emprega o persoal de limpeza.	Persoal non docente	Non
Fortaleza	Acostumado a empregar tecnoloxías como Edixgal e con acceso a Internet fóra do horario lectivo.	Alumnado	Non
Fortaleza	Entenden a dixitalización do ensino como un valor engadido necesario.	Familias	Non
Fortaleza	C10 Dispositivos para préstamo ao alumnado no caso de detección de brecha dixital	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Boa conexión e cobertura da rede Abalar	Infraestruturas	Si
Fortaleza	C8 Suficientes dispositivos dixitais para o aprendizaxe (na ESO co proxecto EDIXGAL)	Infraestruturas	Si
Fortaleza	C2 Suficientes dispositivos dixitais para o ensino (algún precisa renovación)	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Radio na biblioteca: elaboración e difusión de pequenos podcast.	Oferta	Non
Fortaleza	Club de ciencia: grupo na comunidade virtual Agueiro para compartir materiais e información.	Oferta	Non

Fortaleza	Club de lectura: promoción da lectura en blogue, web e redes sociais.	Oferta	Non
Fortaleza	Mecanismos de detección da fenda dixital e actuacións que se levan a cabo.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Interese por parte do profesorado na aprendizaxe e aplicación das novas tecnoloxías.	Persoal docente	Si
Fortaleza	E3. Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.	Persoal docente	Non
Fortaleza	E4. Comunicación coa comunidade educativa	Persoal docente	Non
Fortaleza	D2. Participación do profesorado en DPC	Persoal docente	Non
Fortaleza	G7 Avaliación dixital	Persoal docente	Non
Fortaleza	Persoal administrativo con equipamentos axeitados.	Persoal non docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Curriculo demasiado extenso	Administración educativa	Non
Ameaza	Demasiadas ferramentas dixitais corporativas non integradas.	Contorna	Non
Ameaza	Alumnos con uso inadecuado no ordenador, uso de aplicacións inadecuadas no tempo de traballo xogos, redes sociais...	Contorna	Si
Ameaza	Emprego abusivo de mensaxería co profesorado	Contorna	Non
Ameaza	Alumnado sen os suficientes medios dixitais no seu fogar .	Contorna	Non
Ameaza	Burocracia e leis moi cambiantes.	Lexislación	Non
Ameaza	Protección de datos: como quedará transposta cando remate a pandemia ás Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería.	Lexislación	Non
Ameaza	Cobro de comisións bancarias, aínda empregando a banca electrónica (CONSELLERÍA DE FACENDA ORDE do 2 de decembro de 2019)	Outras	Non
Oportunidade	As diferentes administracións educativas, tanto autonómica, estatal, como europea, están a realizar un grande esforzo neste momento pola dixitalización do ensino e a mellora na competencia dixital.	Administración educativa	Si
Oportunidade	Precisa coñecer se se cumpre a idea de educación dentro do marco legal.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Valora positivamente a dixitalización do ensino.	ANPA	Si
Oportunidade	Precisa coñecer o cumprimento das programacións.	ANPA	Non
Oportunidade	Precisa coñecer o cumprimento das programacións.	Contorna	Non
Oportunidade	Valora positivamente a dixitalización do ensino.	Contorna	Si
Oportunidade	Necesidade de publicidade e imaxe por parte de empresas e entidades que poden colaborar a maior coñecemento dixital con seminarios, charlas...	Outras	Non
Oportunidade	Plan director. Ministerio do Interior: Ciberacoso, Internet e RRSS, Plan Proxecta+: Aprendo programando, Meteoescolas...	Outras	Si

3.4. Análise

A puntuación media no Test CDD do centro foi de 81,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1). Sendo a media de Galicia máis baixa (de 76,5 sobre 192).

No nivel por etapas a puntuación media no Test CDD do centro foi de 87,4 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel de Integrador/a (B1).

Na distribución do profesorado por niveis dos 38 docentes do centro que participaron no Test CDD obtivemos que 11 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 28,9%; e 21 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 55,3%.

O testCDD o realizaron 25 docentes do perfil definitivo do total de 43 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 58,1% do profesorado Definitivo. A seguinte tabla reflicte os participantes no mesmo.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Traballar co alumnado a identidade e comportamento responsable na rede
O02PD	Actualizar inventario avaliando a idoneidade de uso co software corporativo dos equipos do centro.
O03PD	Empregar Eopotes para controlar o uso do ordenador nas aulas Edixgal.
O04PD	Realizar proxectos que involucren o uso dos recursos de Polos Creativos
O05PD	Realizar formación específica en TIC para o profesorado
O06PD	Reservar espazos (aulas) empregando a ferramenta de aula virtual (MRBS)

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Acadado

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Contorna - Alumnos con uso inadecuado no ordenador, uso de aplicacións inadecuadas no tempo de traballo xogos, redes sociais...

Debilidade - Alumnado - Precisan formación dentro das horas lectivas.

Debilidade - Alumnado - Alumnado novo que vén sen a suficiente competencia dixital.

Oportunidade - Outras - Plan director. Ministerio do Interior: Ciberacoso, Internet e RRSS, Plan Proxecta+: Aprendo programando, Meteoescolas...

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de colaboracións con outras entidades	2	2				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional)	06/10/2024	
Responsables	Vicedirección, orientación ou persoa responsable de actividades extraescolares.	
Destinatario	Alumnado e comunidade educativa	

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar para manter as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	06/10/2024	outubro
Responsables	Vicedirección ou persoa responsable de actividades extraescolares	
Destinatario	Alumnado e comunidade educativa	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - Equipos aula TIC 1 non soportan a derradeira maqueta libre de software ABALAR
 Debilidade - Infraestruturas - Os equipos da aula do ciclo formativo atópanse cunha previsible e pronta obsolescencia.
 Debilidade - Infraestruturas - Necesaria renovación de portátiles das aulas
 Debilidade - Infraestruturas - En Bacharelato a diferenza coa ESO non posúen ordenadores na aula.
 Fortaleza - Infraestruturas - Boa conexión e cobertura da rede Abalar
 Fortaleza - Infraestruturas - C8 Suficientes dispositivos dixitais para o aprendizaxe (na ESO co proxecto EDIXGAL)
 Fortaleza - Infraestruturas - C2 Suficientes dispositivos dixitais para o ensino (algún precisa renovación)

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de equipos actualizados na aplicación inventario	40	60				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Revisar a equipación informática do centro.	30/12/2024	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Actualizar inventario	30/06/2025	
Responsables	Equipo TIC e Secretaría do centro	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Contabilizar	30/06/2025	
Responsables	Equipo TIC e Secretaría do centro	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Acadado

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de aulas con Eopotes correctamente configurado	85	100				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar sesión formativa co profesorado sobre protocolo de uso do software	06/10/2024	outubro
Responsables	Coordinación Edixgal	
Destinatario	Titores	

Acción	Data máxima	Temporalización
Configurar as aulas para empregar este software.	30/11/2024	novembro
Responsables	Titores	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar enquisa a titores para o seguimento da implantación de epoptes.	21/12/2024	decembro
Responsables	Coordinador Plan Dixital	
Destinatario	Titores	

Acción	Data máxima	Temporalización
Comprobar trimestralmente o funcionamento de epoptes	30/06/2025	marzo, decembro, xuño
Responsables	Titores	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Apoiar ao profesorado ao longo de todo o curso.	30/06/2025	
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Titores	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Acadado

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - Interese por parte do profesorado na aprendizaxe e aplicación das novas tecnoloxías.
Oportunidade - Administración educativa - As diferentes administracións educativas, tanto autonómica, estatal, como europea, están a realizar un grande esforzo neste momento pola dixitalización do ensino e a mellora na competencia dixital.
Oportunidade - ANPA - Valora positivamente a dixitalización do ensino.
Oportunidade - Contorna - Valora positivamente a dixitalización do ensino.

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de proxectos realizados na Aula de Polos Creativos	11	11				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar a participación do profesorado en Polos Creativos	10/10/2024	outubro
Responsables	Coordinador Polos Creativos	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Organizar os grupos de traballo dos distintos proxectos que involucran o uso dos recursos de Polos Creativos	30/10/2024	outubro
Responsables	Coordinador de Polos Creativos	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar posible formación do profesorado implicado.	10/11/2024	novembro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Profesorado participante en Polos Creativos	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar a formación por parte do profesorado implicado.	30/06/2025	
Responsables	Dirección do centro e entidades competentes.	
Destinatario	Profesorado participante en Polos Creativos	

Revisión	Data	Arquivo
Realizouse formación en radio, impresión 3D e cortadora láser.		

Acción	Data máxima	Temporalización
Recolle evidencias dos proxectos realizados cos recursos de polos creativos	30/06/2025	
Responsables	Coordinador de Polos Creativos	
Destinatario	Profesorado participante en Polos Creativos	

Revisión	Data	Arquivo
memoria de proxectos de polos creativos		memoriaactividadespolos.pdf

4.6. Datos do obxectivo 005PD

Código	Estado
005PD	Parcialmente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Oferta - Radio na biblioteca: pouco profesorado implicado e con moita inseguridade tecnolóxica.
Debilidade - Organización de centro - Falta dun equipo especializado que poida axudar de maneira directa e accesible ante dúbidas/problemas.

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Profesorado que precisa formación específica para cubrir as súas necesidades coas ferramentas corporativas	50%	0%				

4.6.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.1: Realizar enquisa de necesidades específicas entre o profesorado	30/10/2024	outubro, novembro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.2: Realizar a formación por parte do profesorado implicado.	10/04/2025	xaneiro, decembro, novembro, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.3: Realiza unha enquisa final de aproveitamento dos recursos aprendidos e novas necesidades para o curso próximo	30/06/2025	xuño
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

4.7. Datos do obxectivo 006PD

Código	Estado
006PD	Parcialmente

4.7.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - Necesaria renovación de portátiles das aulas

Fortaleza - Persoal docente - Interese por parte do profesorado na aprendizaxe e aplicación das novas tecnoloxías.

4.7.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de profesorado que emprega o servizo para reserva de aulas	40	60				

4.7.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO6.1: Realizar sesión formativa co profesorado sobre protocolo de uso da ferramenta de reserva	15/11/2024	outubro, novembro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO6.2: Realizar un seguimento do uso da ferramenta por parte do profesorado	30/06/2025	xuño, novembro, outubro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Profesorado	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento do Plan Dixital realizarase tendo en conta as táboas de obxectivos, as accións dentro de cada obxectivo e engadindo revisións se fose preciso. A maiores, cada trimestre realizaremos unha valoración sobre o grao de cumprimento das metas previstas para ese período. Comprobarase, por tanto, ao final de cada trimestre, se foron executadas as accións planificadas, valoraranse os resultados e, de ser necesario, faranse os axustes necesarios e propostas de mellora.

5.2. Primeiro trimestre

Os obxectivos marcados no Plan Dixital avanza segundo a temporalización prevista aínda que arrancamos un pouco máis tarde debido a que a Aprobación do Plan Dixital retrasouse a primeiros de novembro.

As actividades concretas desenvolvidas foron as seguintes:

- Aprobación do plan dixital.
- Realización dunha enquisa para coñecer as necesidades do profesorado
- Polos Creativos: Colaboración co Departamento de Bioloxía para as actividades da Semana da Ciencia (11-15 de novembro)
- Optamos, xa que funciona e non daba problemas por continuar co sistema actual de reserva de aulas co que o obxectivo 006 (Reservar espazos (aulas) empregando a ferramenta de aula virtual (MRBS)) non se contemplará e valorarase de novo a final de curso

5.3. Segundo trimestre

Os obxectivos marcados no Plan Dixital avanza axeitadamente segundo a temporalización prevista:

O01PD Segundo o previsto.
O02PD Segundo o previsto
O03PD Segundo o previsto.
O04PD Segundo o previsto
O05PD Segundo o previsto
O06PD Non aplica

Segunda avaliación

Decembro

- Finalización do prazo de entrega de enquisas de necesidades para deseñar a acción formativa necesaria. **(retraso, estaba pendente de novembro)** RESUMO:33 de 65 requiren de formación ou actualización. (5)
- Participación no Plan Director coa Garda Civil. Ciberacoso (1)
- Contabilización de equipos informáticos. (2)

Xaneiro

- Actualización de eopotes nos cursos dixital **(estaba pendente de decembro)** (3)
- Participación no Plan Director coa Garda Civil. Ciberseguridade. (1)
- Polos Creativos: Colaboración coas actividades do día da Paz (calendarios e marcapáxinas) (4)

Febreiro

- Polos Creativos: Colaboración co ENDL para o día de Rosalía (chapas) (4)
- Formación específica: 24/2/2025 (15.00-16.30): Introducción ao emprego e deseño coa impresora 3D, formación interna. (5)
- Formación específica: 24/2/2025 (16.30-19.30). Manexo da radio como ferramenta didáctica (3horas) (5)
- Formación do alumnado: 24/2/2025 (horario lectivo). Uso técnico da radio con alumnado de 2º e 3º de ESO. (1)
- Plan de formación interna do profesorado. Elaboración de materiais precisos dispoñibles na Aula Virtual do Centro para a Formación Requerida. (5)

5.4. Terceiro trimestre

Os obxectivos marcados no Plan Dixital avanza axeitadamente segundo a temporalización prevista:

O01PD Segundo o previsto.
O02PD Segundo o previsto
O03PD Segundo o previsto.
O04PD Segundo o previsto
O05PD Segundo o previsto
O06PD Segundo o previsto

Terceira avaliación

Marzo

- Polos Creativos: Colaboración co Departamento de Lingua Castelá: Maquetación e impresión Xornal da Escola coa impresora A3. (4)
- Plan de formación interna do profesorado. Elaboración de materiais precisos dispoñibles na Aula Virtual do Centro para a Formación Requerida.(5)
- Formación externa, uso de cortadora láser (3h). (5)
- Formación externa, uso de impresora 3D (3h). (5)
- Revisión eopotes marcada en PD.(3)

Abril

- Plan de formación interna do profesorado. Elaboración de materiais precisos dispoñibles na Aula Virtual do Centro para a Formación Requerida. (5)
- Polos creativos, deseño e elaboración de chapas para o programa de Atención e Servizos do departamento de

bioloxía. (4)

- Polos creativos, deseño e realización de cuñas personalizadas do IES para a suxeición das portas dos corredores. (4)
- Polos creativos, deseño de pezas de reposto para o fubolín de motricidade fina da Biblioteca. (4)

Maio

- Polos creativos, deseño de pezas de sinalización dos espazos de libros de lectura dos distintos cursos coa impresora 3D (4)

Xuño

- Revisión epoptes marcada en PD. (3)
- Valorar o sistema de reserva de aulas e espazos. (6)
- Actualización inventario.(2)

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O plan vaise avaliando empregando as táboas de obxectivos, as accións dentro de cada obxectivo e engadindo revisións se fose preciso. A maiores, cada trimestre realizaremos unha valoración sobre o grao de cumprimento das metas previstas para ese período. Comprobarase, por tanto, ao final de cada trimestre, se foron executadas as accións planificadas, valoraranse os resultados e, de ser necesario, faranse os axustes necesarios e propostas de mellora.

Cada ano realizarase unha avaliación final revisando os problemas encontrados e facendo propostas de mellora. Tamén poderemos engadir novos obxectivos en función das necesidades que aparecieran durante o curso académico ou realizar unha priorización dos mesmos. Haberá que ter en conta que os recursos poden ir variando e por tanto tamén poden aparecer novos obxectivos.

6.2. Valoración xeral

A valoración é bastante satisfactoria. Acadamos os obxectivos 1 (Traballar co alumnado a identidade e comportamento responsable na rede), 2 (Actualizar inventario avaliando a idoneidade de uso co software corporativo dos equipos do centro), 3 (Empregar Epoptes para controlar o uso do ordenador nas aulas Edixgal) e 4 (Realizar proxectos que involucren o uso dos recursos de Polos Creativos) con solvencia. De tódolos xeitos son obxectivos que sempre deben acadarse así que no futuro haberá que estar pendentes de novo deles.

- **Obx1:** As charlas e o traballo co alumnado en canto a seguridade e responsabilidade na rede deberán manterse
 - **Obx2:** O material do que dispoñemos está en constante cambio
 - **Obx3:** O Epoptes foi revisado e configurado pola Coordinadora Edixgal pero ese traballo debe recaer sobre os titores porque cada vez que hai cambios nos equipos, tense que volver a configurar de novo e unha persoa non pode estar atendendo a 700 alumnos ao tempo.
 - **Obx4:** Moi boa participación do profesorado case desde o principio e do alumnado no tramo final, hai que consolidalo
- O **Obxectivo 5** (Realizar formación específica en TIC para o profesorado) foi acadado parcialmente, obtívose a través da enquisa as necesidades do profesorado deste curso académico pero ao preparar a formación xa co curso comezado non foi realmente efectivo e houbo unha perda de interese neste tema, no curso próximo terá que estar todo en marcha desde o principio para sacarlle máis rendabilidade.
- O **Obxectivo 6** (Reservar espazos (aulas) empregando a ferramenta de aula virtual (MRBS)) quedou pendente de valorar se era necesario cambiar o sistema ou non e o sistema de reserva actual funciona correctamente e pensamos que non debemos cambialo, así que aínda que o obxectivo tal como se plantexou non está acadado, en realidade manterase o actual sistema voluntariamente así que a necesidade de reserva de aulas está cuberta perfectamente.

6.3. Propostas de mellora

-Aínda que non houbo problemas cos ordenadores edixgal e en xeral o comportamento "dixital" foi moi bo, sí que houbo casos disciplinarios relacionados coas redes sociais fora do centro pero por alumnos do centro e é algo no que deberíamos poñer tamén o foco de atención.

-De cara ao curso que ven teremos que mellorar a xestión da actualización dos equipos do alumnado volcando nos titores ou un grupo de traballo o día a día.

-A formación do profesorado debe afrontarse desde o primeiro día e vistas as posibilidades e o uso de IA por parte do alumnado, é algo no que deberemos prestar especial atención.

-Chegará moito profesorado novo ao centro, debemos preparar un plan de acollida sobre as ferramentas coas que van a a traballar: Pantallas interactivas, aula virtual e edixgal así como as posibilidades materiais que temos en Polos Creativos

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Difundirase o Plan Dixital, ao igual que facemos co plan TIC e outros, mediante a súa exposición no Claustro, presentando os obxectivos para cada curso académico e poñéndoo á disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Test_CDD	15001136__IESFRANCISCOAGUIAR_ CDD_10032022.pdf
Informe_SELFIE	15001136__IESFRANCISCOAGUIAR_SELFIE_301 12021_14122021.pdf